



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE DENTISTAS XI REXIÓN - PONTEVEDRA E OURENSE, PARA A ATENCIÓN ODONTOLÓXICA DE MENORES TUTELADOS OU EN GARDA POLA XUNTA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

E doutra, Don Segundo Eduardo Rodríguez Grandío, con NIF. 32.430.338 Q, no nome e representación do Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense, con domicilio na Avenida Augusto García Sánchez, 10 - 36001 - Pontevedra, e, en virtude da súa condición de Presidente, ao que lle corresponde a representación deste Colexio Profesional.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.



Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Terceiro.- O Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense é unha entidade que leva a cabo actividades de coordinación e programación da participación dos seus colexiados, promovendo e fomentando iniciativas públicas ou privadas que teñan por obxecto unha maior eficacia asistencial, entre as que se inclúen a prestación de servizos de atención odontolóxica.

Cuarto.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense, comprometido coa saúde bucal da poboación, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións, deste xeito, están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos nenos, nenas e adolescentes tutelados ou en garda pola Consellería e Política Social nas provincias de Ourense e Pontevedra, previa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, sempre e cando ditos tratamentos non estean cubertos polo sistema sanitario galego.

A poboación aproximada de menores tutelados ou en garda pola Consellería de Política Social ascende a 1600 menores, correspondendo ó ámbito das provincias de Ourense e Pontevedra preto de 850 menores. Desta poboación estímase que a porcentaxe de menores con problemas bucodentais susceptibles de tratamento especializado pode alcanzar o 50%.

Quinto.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

Sexto.- A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a iniciativas de interese social e que xa se veñen executando desde o ano 2005, a través dos correspondentes convenios de colaboración, considerándose



polo tanto ao Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense idoneo para a execución de destas prestacións pola a súa experiencia profesional e o compromiso dos seus profesionais no ámbito da atención odontolóxica e protésica aos/ás menores das provincias de Ourense e Pontevedra.

Sétimo.- O Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense na actualidade conta coa estrutura necesaria e suficientes profesionais asociados, susceptibles de adherirse ao convenio de colaboración, para o desenvolvemento das prestacións propias da súa actividade, facilitándolles en todo momento o asesoramento e información necesarias en cuanto ás tarifas a aplicar nos diferentes tratamentos odontolóxicos obxecto deste convenio de colaboración e que se describen no clausulado.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes otorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente documento é o establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense en virtude do cal as persoas menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que estean baixo a protección da Xunta de Galicia a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social nas provincias de Ourense e Pontevedra podan acceder aos servizos de asistencia odontolóxica e de prótese por parte dos profesionais asociados e adheridos ao presente convenio de colaboración, aplicando as tarifas recollidas na cláusula Terceira.

Os tratamentos odontolóxicos referidos neste convenio serán os excluídos de Servizo Galego de Saúde conforme á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Os tratamentos odontolóxicos prestados ó abeiro deste convenio irán dirixidos aos nenos, nenas, adolescentes e mozos, tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia nas provincias de Ourense e Pontevedra, previa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Isto supón unha poboación aproximada de 400 menores.



TERCEIRA. TARIFAS

As tarifas a aplicar polos tratamentos odontolóxicos, e que poden ser aceptadas polos facultativos colexiados no Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense, que se adhiran o presente convenio serán as seguintes:

TIPO DE TRATAMENTO	TARIFAS
Obturacións de amalgama de prata simple	34,46
Obturacións de amalgama de prata complexas	49,78
Obturacións de composite (estética) posterior	38,29
Obturacións de composite (estética) anterior	45,97
Prótese removible en resina < 3 dentes	153,17
Prótese removible en resina de 3 a 6 dentes	229,75
Prótese removible en resina > 6 dentes	306,35
Prótese removible esquelético < 3 dentes	229,75
Prótese removible esquelético de 3 a 6 dentes	291,03
Prótese removible esquelético > 6 dentes	367,63
Prótese fixa metal-resina, coroa	153,17
Endodoncia simple	76,59
Endodoncia complexa	122,54
Pulpotomía e reconstrución	61,27
Mantedor de espazo a dúas bandas	91,91
Mantedor de espazo removible	91,91
Reconstrución con pernos	114,89
Tratamento periodontal dunha arcada	191,45
Tratamento sinxelo de ortodoncia	1.148,80
Tratamento complexo de ortodoncia	1.914,67

CUARTA. COMPROMISOS DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE DENTISTAS XI REXIÓN - PONTEVEDRA E OURENSE E PROFESIONAIS ADHERIDOS AO CONVENIO.

Unha vez asinado o convenio de colaboración, o Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense deberá remitir á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a relación dos facultativos colexiados que acepten as tarifas contidas no mesmo. Dita relación comprenderá os datos de filiación, número de colexiado, domicilio profesional e teléfono de contacto dos profesionais que participarán no Programa. Durante o período de vixencia do presente Convenio, poderán incorporarse a dita relación outros profesionais, debidamente colexiados, para a prestación dos servizos descritos.



A prestación dos servizos levarase a cabo nas consultas profesionais que os colexiados teñan abertas a o seu nome ou nas que habitualmente desenvolvan a súa labor profesional; a través delas deberá quedar garantida unha atención ás persoas menores con idénticos parámetros de calidade e seguridade que para calquera outra persoa receptora dos servizos profesionais de ditos colexiados.

No caso de que os servizos requiridos excedan da cobertura deste convenio e/ou das tarifas descritas, o propio odontólogo poderá atender ao usuario, sempre e cando a persoa responsable do centro sobre a que recae a tutela ou garda do mesmo así o desexe e acepte, sabendo que todo custo derivado de intervencións que excedan dos límites do presente Convenio correrán exclusivamente a cargo do centro do que dependa o menor na súa totalidade.

O remata-lo tratamento prescrito, o especialista que realizou o tratamento completo emitirá un informe cun breve historial das intervencións realizadas ó longo do tratamento, indicando a data de finalización definitiva do mesmo, que será entregado ó responsable da súa garda (centro de menores ou familia extensa, no seu caso), que o remitirá ao Servizo de Menores da Xefatura Territorial correspondente para que forme parte do expediente do menor.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

A que os menores tutelados ou en garda aos que se lles abra expediente ao longo da vixencia deste convenio fagan a primeira revisión ou consulta no Centro de Saúde do SERGAS ao que estean adscritos con fin de obter unha primeira valoración da súa problemática bucodental que permita determinar os tratamentos que son excluídos do Servizo Galego de Saúde conforme á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e cales son susceptibles de ser prestados ao amparo deste convenio de colaboración.

Si nestas revisións no Centro de Saúde se diagnosticasen tratamentos bucodentais cubertos polo SERGAS (selados, extraccións, limpezas, etc.) estes serán realizados polos especialistas que lles correspondan de dito Centro de Saúde.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha vez determinado mediante o oportuno informe-diagnóstico por parte dos facultativos do SERGAS os tratamentos que son excluídos



do SERGAS e que poden ser obxecto de atención a través deste convenio de colaboración, autorizará en función da dispoñibilidade orzamentaria prevista para este tipo gastos, previa solicitude dos responsables dos centros, o inicio dos tratamentos que correspondan.

SEXTA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

SÉTIMA. CONFIDENCIALIDADE

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro “Xestión de servizos Sociais”, regulado pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza ao Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense como encargado do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

O encargado do tratamento tratará os datos de conformidade coas instrucións da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, o encargado do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan



os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación. O encargado do tratamento conservará os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa responsable do ficheiro.

O encargado do tratamento responderá directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e correcta avaliación do desenvolvemento do presente convenio e para velar polo seu adecuado cumprimento constituirase unha comisión mixta formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social, designados polo conselleiro.
- Dous representantes do Ilustre Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión - Pontevedra e Ourense designados pola súa presidencia.
- Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A comisión reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano e con carácter extraordinario cando sexa necesario, a petición de calquera das partes.

A través da Circular de gastos extraordinarios ditaranse as correspondentes instrucións sobre o procedemento a seguir no desenvolvemento e execución deste convenio de colaboración.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2020.



Antes da finalización da vixencia indicada, os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período máximo de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

As tarifas que se relacionan na cláusula terceira revisaranse anualmente, sempre que haxa transcorrido un ano de vixencia, coa aplicación sobre as mesmas da variación interanual do índice de prezos que publica o Instituto Nacional de Estatística para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o grupo 12 “Outros bens e servizos”, subgrupo “Servizos Sociais”, co límite máximo do 85% do dito índice.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS

Cando xurdan circunstancias concretas sobrevidas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes, logo dos trámites legais esixidos. Dito acordo que inclúa tal modificación, deberá incorporarse como adenda ao convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente á outra parte por incumprimento das obrigas do convenio o pola súa extinción, sin perxuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o establecido no Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as incidencias ou dúbidas que poidan xurdir na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución de este convenio:

- a) O mutuo consentimento.
- b) A súa denuncia por unha das partes, formulada con tres meses de antelación á data na que deba surtir efecto.
- c) A celebración dun novo convenio entre as partes que o substitúa.
- d) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos á entidade, integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, ante quen poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O Colexio Oficial de Dentistas XI Rexión – Pontevedra e Ourense terá a obriga de subministrar á consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE
POLÍTICA SOCIAL**

José Manuel Rey Varela

**O PRESIDENTE DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE
DENTISTAS XI REXIÓN - PONTEVEDRA E
OURENSE**

Segundo Eduardo Rodríguez Grandío